

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL EN ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E ASTRAZENECA FARMACÉUTICA SPAIN S.A., PARA A REALIZACIÓN DUNHA PÍLDORA FORMATIVA E-LEARNING SOBRE "LEUCEMIA LINFOCÍTICA CRÓNICA."

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 03.11.2022 o convenio arriba referido co Laboratorio AstraZeneca Farmacéutica Spain, S.A.

A vixencia do convenio asinado vai desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o cumprimento total das obrigacións contraídas e aceptadas polas parte.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración das Partes para a realización e gravación dunha píldora formativa e-learning sobre "*Leucemia linfocítica crónica*".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

Mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, créase a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e apróbanse os seus estatutos. A posta en funcionamento efectivo da Axencia tivo lugar o 1 de xaneiro de 2016, coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre os obxectivos estratéxicos de ACIS están o de elaborar a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e o de xestionar o coñecemento no sistema público de saúde de Galicia.

Segundo o artigo 42 dos seus estatutos, para o cumprimento dos seus obxectivos ACIS poderá contar, entre outros, con recursos procedentes de achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.

A Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado regula determinados beneficios fiscais que poden aplicarse as

persoas físicas ou xurídicas que colaboren no financiamento de actividades daquelas entidades que poidan ser beneficiarias do mecenado.

O artigo 16 da Lei 49/2002 declara como entidades beneficiarias do mecenado ao Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os Organismos Autónomos do Estado e as entidades autónomas de carácter análogo das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais. En consecuencia, ACIS pode ser receptora de achegas económicas que dean dereito aos aportantes a obter beneficios fiscais dos regulados na Lei 49/2002.

Segundo o Artigo 25 da Lei 49/2002, entenderase como convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral aquel polo cal as entidades ás que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades efectuadas en cumprimento do seu obxecto ou finalidade específica, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración empresarial non constitúe unha prestación de servizos.

A Escola Galega de Saúde para Cidadáns, creada no ano 2009, depende da Xerencia do Servizo Galego de Saúde. Dirixida e xestionada dende a Subdirección Xeral de Humanización e Atención á Cidadanía, está orientada á formación de pacientes, familias e cidadáns en materia de saúde, para mellorar a toma de decisións nos seus procesos de saúde-enfermidade.

A súa misión é prover de información, coñecementos e habilidades en procesos de saúde e de enfermidade a pacientes, coidadores e cidadáns, co fin de mellorar a súa calidade de vida e potenciar a súa participación segura nas decisións sobre os seus procesos, así como facilitar o coñecemento do funcionamento dos servizos sanitarios para contribuír a un uso eficiente deles, para o que conta cunha rede de profesionais e formadores expertos.

ACIS, a través dunha encomenda de xestión, vai desenvolver unha actividade da Escola Galega de Saúde para Cidadáns que consiste na creación dun recurso formativo en formato dixital sobre "*Leucemia linfocítica crónica*".

A actividade consiste no desenvolvemento de materiais formativos específicos en materia de leucemia e a posterior edición e gravación dos mesmos nunha pílula formativa e-learning, destinada a pacientes e familiares, sobre "*LEUCEMIA LINFOCÍTICA CRÓNICA*" coa colaboración de profesionais do Servizo Galego de Saúde. Trátase de obter un recurso formativo de edición dixital, en formato áxil e multidispositivo, cunha duración aproximada de 40 minutos, que permita transmitir información en pouco tempo e cunha linguaxe sencilla e práctica que explique os conceptos teóricos de xeito comprensible para unha maioría de usuarios, pacientes, coidadores e cidadáns en xeral co fin de mellorar a súa calidade de vida e potenciar a súa participación segura nas decisións sobre os seus procesos de saúde. Este recurso publicarase no apartado de "*cursos online*" da web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.



ASTRAZENECA é un laboratorio farmacéutico adicado ao descubrimento, desenvolvemento, fabricación e comercialización de produtos médicos, incluíndo produtos nutricionais, dispositivos e de diagnóstico, e está interesada en colaborar con ACIS na actividade descrita.

ASTRAZENECA realizará unha achega económica de seis mil oitocentos vinte e tres con once céntimos (6.823,11 €).

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

